



Ataque a un convoi

71'2 x 50'2 cm

Doados por D. José Fernández López



Embarcadeiro de negros

71'2 x 50'2 cm

BIBLIOGRAFÍA:

ARIAS ANGLÉS, E. *El paisajista romántico Jenaro Pérez Villaamil*. Madrid, C.S.I.C. 1986

CALVO SERRALLER, F. *La imagen romántica de España. Arte y arquitectura del siglo XIX*. Madrid. Alianza Ed. 1995

MÉNDEZ CASAL, A. *Jenaro Pérez Villaamil*. Ed Esfinge. s/f

PERÉZ VILLAAMIL, J. *España Artística y monumental. Descripción de los sitios y monumentos más notables de España*.

OBRAS de

Jenaro Pérez Villaamil:

Embarcadeiro de negros


Ataque a un convoi

Palacio de Galiana

Cadro dos xitanos

Interior dun templo


Localización no Museo Provincial de Lugo



PLANTA 1ª

ARTE GALEGA

SALA 12



JENARO PÉREZ VILLAAMIL

Jenaro Pérez Villaamil e Duguet naceu en Ferrol, A Coruña, o 3 de febreiro de 1807 e morreu en Madrid o 5 de xuño de 1854. Con só 8 anos, foi “axudante de profesor de debuxo” do seu pai, que impartía *Fortificación, Topografía e Debuxo* no Colexio Militar de Santiago de Compostela. Trasládase coa súa familia a Madrid e con 16 anos alístase no exército liberal contra os *Cen Mil Fillos de San Luís*. Cae ferido e é levado como prisioneiro de guerra a Cádiz, cidade na que inicia a súa formación artística e a súa dedicación á pintura. Pronto empeza a ser recoñecido e valorado. Recupera a súa liberdade en 1830 e viaxa a Porto Rico contratado para decorar o teatro *Tapia* da capital. Regresa a España en 1933 e coñece en Sevilla ao pintor escocés David Roberts, cuxa influencia será decisiva na traxectoria que seguirá a súa pintura a partir de entón.

En 1835 ingresa como Académico de Mérito na Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid, onde anos máis tarde ocupará a primeira cátedra de paisaxe de España e será nomeado director. Desenvolve unha intensa actividade intelectual e establece importantes relacións con escritores, artistas e políticos da época. Colabora en publicacións (*Panorama Matritense* e *Semanario Pintoresco Español*) e participa na creación do Ateneo madrileño e o Liceo Artístico e Literario Español.

Por motivos políticos e profesionais, en 1840 viaxa a Francia, Bélxica e Holanda e non regresará a España ata 1844. En París ocúpase de dirixir e executar a obra *España Artística e Monumental. Vistas e descrición dos sitios e monumentos máis notables de España*, xoia bibliográfica editada por Chez A. Hauser entre os anos 1842 e 1850, que contribuíu á difusión e posta en valor do patrimonio arquitectónico español.

Ao seu regreso emprende novos itinerarios por España. En 1849 viaxa por Galicia, onde toma numerosos apuntes de lugares, edificacións e personaxes populares. Pinta e debuxa incansablemente.

Morreu en Madrid aos 47 anos sendo un pintor de éxito, colmado de honores e condecoracións, e un dos máis prolíficos do seu tempo.

Pérez Villaamil está representado no Museo Provincial con cinco obras que nos permiten aproximarnos á personalidade artística e á técnica pictórica de quen está considerado o máis importante paisaxista romántico español.

Trátase de cadros de pequeno a mediano formato, apropiados para un artista que se caracteriza pola destreza e rapidez na execución e para satisfacer a demanda do público burgués. Están pintados ao óleo sobre lenzo utilizando unha técnica empastada e solta, con resaltes nos puntos de luz, como se aprecia nos remates e elementos decorativos das arquitecturas en *Interior dun templo*. Tanto esta obra como *Cadro dos xitanos* son exemplos de paisaxes interiores, que foron abordados con frecuencia polo pintor, nos que as pequenas figuras que representan a personaxes populares restan solemnidade ás potentes arquitecturas.

No cadro *Palacio de Galiana* o artista representa as ruínas dun edificio mudéxar situado en Toledo, que foi reconstruído nos anos 60 do s. XX e que tamén debuxou para unha das litografías da *España Artística e Monumental*. O encadre e a disposición das figuras acentúan a concepción escenográfica que singulariza moitas das súas obras.



Interior dun templo
56 x 44'3 cm



Cadro dos xitanos (1852)
40 x 33'8 cm



Palacio de Galiana (1849)
38 x 54'5 cm

Doado por D. José Fernández López

Ataque a un convoi e *Embarcadero de negros* son paisaxes nas que Villaamil combina elementos reais coa súa visión idealizada da natureza para crear atmosferas envolventes e misteriosas potenciadas polo uso da penumbra e a luz crepuscular, conseguidas ao aplicar lixeiras veladuras de cor que enlazan co seu dominio da acuarela e definen a súa etapa de madurez.